

ACTIVIDADES DE CONSOLIDACIÓN DO **TEXTO ARGUMENTATIVO**

Solución_Actividade 1 de consolidación: **Identifica** nos seguintes fragmentos a **tese** e **argumentos** que se defenden.

TEXTO A)

TESE: Tradución en galego: calidade en precario.

Argumentos de **autoridade:** as opinións de profesionais da tradución.

Argumento de **exemplificación:** a concesión do premio ilustra a tese da calidade das traducións ao galego.

TEXTO B)

TESE: A cara B das piscifactorías: sumidoiro de subvencións e destrución de emprego.

Argumentos de **datos:** presenta os datos concretos dos que dispoñen o Clúster de acuicultura e o IGE sobre a creación de emprego na acuicultura. Tamén se ofrecen outros datos que se cuestionan.

TEXTO C)

TESE: Alertan do incremento de actitudes machistas en adolescentes galegos.

Argumentos de **datos:** só un 40% dos estudantes reciben formación sobre as actitudes machistas nos centros de ensino.

Argumentos de **autoridade:** preséntanse as conclusións da catedrática de Psicoloxía María José Díaz Aguado.

Solución_Actividade 2 de consolidación: **Explica a estrutura desta Carta ao director completando o texto.**

Tese: O desleixo da lingua galega na campaña electoral. Xa aparece anunciada no **título** da Carta ao director, deste xeito **o autor da misiva centra o tema de que vai tratar e intenta captar a atención do lector.**

Na **introdución** (**1º** parágrafo) **preséntase a tese: os partidos políticos maioritarios manifestan desinterese e incluso desprezo polo uso do galego**, que se revela nas mensaxes que emiten por megafonía durante a campaña.

No **corpo argumentativo** (**2º e 3º** parágrafos) úsanse **argumentos de exemplificación e de datos, claros e non contraditorios, para corroborar a tese.** Por unha banda, **o partido que goberna a súa localidade (exemplo)** demostra desprezo absoluto polo galego, pois non o usa e incluso chega a empregar un **topónimo deturpado, «Morgadanes», non aceptado polo Nomenclátor de Galicia (datos).** Por outra, o **outro partido**, maioritario a nivel nacional, **non se preocupa por mostrar corrección lingüística nas súas comunicacións públicas (exemplo),** xusto en datas tan sinaladas como a da celebración do Día das Letras Galegas.

Na **conclusión** recórdase a **tese** defendida: o **desinterese pola lingua durante a campaña**, coa **agravante de que coincide coa celebración das nosas letras** e de que, en definitiva, a **lingua é o que nos dá sentido e existencia como país.**

Solución_Actividade 3 de consolidación. **Completa** a **información** sobre o **texto argumentativo** con estas palabras: tese, autoridade, confírmase, persuasiva, lóxicas, exemplificación, conclusión, achega, opinións, crítica, introdución, razóns, principal, convencer, comunicativas, contraditorias, datos, comparación, ordenado, defende.

«Un texto argumentativo é o que **defende** unha idea razoadamente. O seu obxectivo é **convencer** o interlocutor, polo que ten unha función **persuasiva** (tamén informativa, porque **achega** coñecementos sobre o tema tratado). Está presente en situacións **comunicativas** variadas: por exemplo, nunha conversa sobre un tema con intercambio de **opinións**; ou nos medios de comunicación, en xéneros xornalísticos como o artigo de opinión ou a **crítica** ...

O texto argumentativo debe ser claro e **ordenado** e adoita presentar esta estrutura:

- **Introdución:** primeiro vai a tese (idea **principal** que se defende), que pode ir precedida dunha **introdución** sobre o tema do texto.
- **Corpo argumentativo:** despois preséntanse as **razóns** que demostran a **tese**, polo que deben ser **lóxicas**, claras e non **contraditorias**. Pódense empregar argumentos de distintos tipos: *argumentos de **datos*** (achegan datos que buscan probar a tese defendida), *argumento de **autoridade*** (presenta a opinión de alguén de recoñecido prestixio ou dun experto en determinada materia), *argumento de **exemplificación*** (a idea defendida ilústrase cun caso concreto), *argumento de **comparación*** (cando se comparan dúas situacións para extraer unha **conclusión**).
- **Conclusión:** ao final faise un resumo dos argumentos principais e **confírmase** a idea defendida como tese.»

Solución_Actividade 4 de consolidación. **Ofrece** un **argumento** por **cada situación** presentada.

a) *Unha empregada do fogar acode a unha entrevista de traballo para conseguir emprego. Por que é ela a mellor opción* para ese posto? **Escribe** o seu **razoamento**.

O meu perfil de traballadora é o máis adaptado para este posto porque levo traballando 15 anos como asistente do fogar e, polo tanto, coñezo perfectamente en que consiste o traballo, os seus pormenores e como resolver situacións complicadas ou inesperadas. Ademais, teño experiencia, non só na limpeza senón tamén no coidado de persoas maiores, enfermos ou nenos. Por outra parte, achégolle cadansúa carta de recomendación das persoas que me contrataron anteriormente.

b) *Un usuario do SERGAS acode a unha cita médica co especialista e este non se presenta por estar nun congreso. Escribe o argumento* que esgrime, **ante** o **funcionario** que llo comunica, **para non marchar sen ser atendido por outro médico**.

A cita para o médico especialista déronma hai seis meses e, a pesar de ter pasado tanto tempo ata o día de hoxe, o SERGAS non me comunicou en ningún momento a anulación ou o adiamento da data concertada. Polo tanto, considero que debo ser atendida por outro doutor, xa que vivo lonxe e sería un serio prexuízo para min realizar esta viaxe en balde. Por outra parte, coñezo os casos de varios veciños meus que, en situacións similares a esta, foron atendidos –sen ningún problema– por outro facultativo. Por conseguinte, creo que teño dereito a recibir esa atención médica programada, aínda que deba agardar un pouco máis para non provocar a miña situación dano a terceiros.